

CONCELLO DE BALEIRA

SEPARATA N. 02



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	1
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	1
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	2
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL	3
4.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	4
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	5
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	6
7.	ANEXO PLANOS	8

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Dende Paradavella, si temos en conta topónimos como a Calzada, Degolada, a antiga “Parata Decollada e Couto, o camiño antigo desprazaríase por unha cota máis baixa que a que sigue a actual estrada. Degolada aparece denominada como “Parata Decollada” nun documento de Penamayor. Trátase dunha sentenza por límites do ano 1276 en *Furnis y Parata Decollada “per penam calzadelam et per Castrum Meam, et per Picus de Mur vedro, et per crucem de Lastra...”*¹. Preto de Lastra o camiño continúa para Santiago de Fontaneira e Trabeira ata o alto de Carballín e dende aquí chegábase a Cádabo. De Cádabo por Pradedá ata o alto de Baqueriza e a partir de aquí o itinerario antigo proseguiría cara Castroverde por Perrelos, Penedos e Vilaselle.

Degolada e Vilaselle pertencían ao mosteiro cisterciense de Santa María de Penamaior. No ano 999, segundo os tombos de Penamaior, un grupo de monxes de Carracedo chegan aos paraxes lucenses onde establecen unha pequena comunidade, o priorado de Penamaior. As notas copiadas por Piñeiro na súa *Colección Diplomática* din que neste ano “el abad de Carracedo envía a Fray Pedro Calvo y otros religiosos a Penamayor, donde hicieron una casa i oratorio para recibir a diferentes peregrinos y enfermos que pasaban al Señor Santiago”. Sen embargo, a misión dos monxes bercianos debeu de suceder tras a restauración de Carracedo efectuada no ano 1138, e levarían, por tanto, os usos cistercienses. De feito, o primeiro prior de Penamaior está documentado en 1181. O mosteiro lucense primeiro foi granxa da abadía cisterciense berciana de Santa María de Carracedo, e logo entre 1214 e 1227, convertese en mosteiro independente. Nesta primeira fase da súa historia Penamaior recibe o apoio real para a formación do dominio central e declaración das súas terras como acoutadas. Así mesmo recibe importantes doazóns de nobres en lugares que máis tarde serán os coutos de Vilaselle, Fonteio e Degolada. En 1188, o conde Gómez dóalle a metade de todo o que posúe no monte de Vilasalle. Poucos anos despois, Fernán Rodrigues, “miles” de Bolaño cédelle todas as herdades que tiña en Vilasalle, incrementando as súas propiedades en Vilaselle con outra doazón en 1206².

¹ AHN, Clero, Penamayor, carp. 1230, nº 6.

² J. I. Fernández de Viana y Vieites, “Santa María de Penamayor”, *Monasticón Cisterciense gallego*, León 2000, vol. II, pp. 204-220.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do Camiño: A Calzada (límite co concello de Fonsagrada) – Alto da Vacariza (límite co concello de Castroverde)

O trazado do Camiño Primitivo ou de Ovedo no concello de Baleira transcorre polas parroquias de San Lourenzo da Degolada, San Xoán da Lastra, Santiago da Fontaneira e San Pedro da Esperela.

Tramo A Calzada – A Lastra

Entre A Calzada e A Degolada o Camiño percorre unha pista asfaltada situada por debaixo do nivel da estrada LU-530, nunha paisaxe na que predominan os bosques de bidueiros e os prados que ocupan a parte máis baixa da cunca situada entre os dous lugares.

Á saída da Degolada, xunto a dous teixos de porte excepcional, o Camiño continúa por unha senda de terra que durante máis dun quilómetro percorre un bosque mixto de carballos e bidueiros salpicado de acevos e teixos, de gran valor ambiental e paisaxístico. Neste tramo o Camiño mantén o trazado paralelo á estrada LU-530 pola parte inferior da ladeira.

Á chegada ao Couto prodúcese por unha profunda congostra que termina abríndose a un prado que chega ata a parte inferior do val. O Camiño bordea o prado pola parte superior, con vistas cara os bosques e os montes circundantes de gran interese. As edificacións do Couto contribúen a calidade ambiental do lugar ao non haberen sufrido ampliacións nin modificacións recentes. No núcleo tamén se atopa un par de exemplares de teixo de gran porte.

Pasado o Couto, o Camiño inicia a ascensión para chegar á Lastra. A paisaxe sigue dominada polo espeso bosque autóctono de caducifolias. En algúns tramos o Camiño atópase moi construído discorrendo entre muros e noiros.

Tramo A Lastra – Fontaneira

Pouco antes de chegar á Lastra o Camiño atópase coa estrada LU-530, continuando pola beiravía ata chegar ao núcleo. A Fontaneira é un núcleo lineal desenvolvido ao longo da estrada, sitúase sobre un cumo lonxitudinal que fai a divisoria entre dous vales, dominando unha ampla paisaxe tanto cara ao leste, na parte norte do núcleo, como cara ao oeste, na parte sur. A arquitectura do núcleo combina elementos rurais (vivendas tradicionais, paleiros e hórreos) con elementos de carácter máis urbano como poden ser as galerías que posúen algunhas das súas casas. A pesar do impacto producido por algunha edificación recente, en xeral o núcleo atópase ben conservado.

Á saída do núcleo o Camiño separase da estrada para continuar por un sendeiro que percorre a ladeira leste do Alto da Volta Grande. Nun primeiro tramo o camiño atravesará un bosque de caducifolias autóctonas, para continuar por unha zona de monte baixo e atravesar un espeso bosque de piñeiros no treito final. Uns seiscentos metros antes de chegar a Fontaneira o Camiño continúa pola beiravía da LU-530. Nesta zona ábreanse vistas próximas sobre o núcleo, as agras e as fragas que o rodean, e máis afastadas sobre os montes e as montañas que se suceden ata chegar ao horizonte. Caben destacar tamén os afloramentos rochosos que se producen nalgúns dos cumes dos montes próximos.

Como A Lastra, Fontaneira en un núcleo de configuración lineal desenvolvido ao longo do Camiño. Presenta algúns interesantes exemplos de arquitectura tradicional como o hórreo con cuberta de colmo situado na marxe da estrada. No núcleo atópanse tamén interesantes exemplares de teixo, como os situados ao redor da igrexa e os que crecen xunto a algunhas das casas.

Tramo Fontaneira – O Cádavo


Á saída de Fontaneira o Camiño continúa un treito pola beiravía da estrada para separarse dela xunto ao cemiterio. Neste treito hai vistas dos afloramentos situados ao norte do núcleo. Pasado o cemiterio o camiño atravesa un bosque de piñeiros, nun treito duns novecentos metros. Despois continúa pola beiravía da estrada LU-503 durante un Km. Dende a estrada divísanse cara ao leste os afloramentos de xisto da Serra das Penas.

Tras deixar a estrada o Camiño continúa cara ao Cádavo polo Monte da Matanza, por zonas nas que se alternan as plantacións de piñeiros con zonas de monte baixo. Ao chegar ao alto da Serra do Candín, en cuxo cume atópase unha importante agrupación de mámoas, o camiño descende en dirección ao Cádavo. Neste último tramo hai interesantes vistas do val lonxitudinal nos que se asenta O Cádavo, das agras e dos núcleos próximos, como Vilaselle e Perrelos.


Tramo O Cádavo – Alto da Vacariza

Trás atravesar O Cádavo, o Camiño sigue por unha pista asfaltada que bordea a importante carballeira situada ao sur do núcleo urbano, para continuar entre agros e prados ata chegar a Pradedá. Despois de pasar xunta ás ruínas da capela de Nosa Señora dos Remedios, a ruta continúa por un camiño de terra ata atoparse de novo coa estrada LU-530 no Alto da Vacariza, no límite estre os termos municipais de Baleira e Castroverde.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño  Trazado con vestixios históricos 
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 


Para a realización da proposta dos trazados tomáronse como base as delimitacións realizadas nos anos noventa pola Xunta de Galicia, levada a cabo por Oficina de Planeamento para a Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago no ano 1996 para a delimitación do Camiño de Santiago Norte: Camiño de Oviedo; a traza que figura nas publicacións realizadas por Ricardo Polín sobre o Camiño Primitivo. Estas trazados foron contrastadas co estudo histórico realizado por M^a del Carmen Rodríguez González, a información cartográfica e fotográfica dispoñible (tanto histórica como actual), coas informacións achegadas polos veciños e polo traballo de prospección realizado sobre o terreo.

A continuación indícanse as diferenzas existentes entre o trazado proposto e as delimitacións realizadas con anterioridade.

2.2.1. TRAMO A DEGOLADA – A LASTRA

A proposta de delimitación realizada por Ricardo Polín segue o trazado da estrada LU-540 entre A Calzada e A Lastra.

O trazado proposto coincide en gran medida co posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997, aínda que existen pequenas variacións adoptadas en base á prospección realizada sobre o terreo ou debidas a maior precisión da base cartográfica dispoñible na actualidade.



Variación do trazado do Camiño respecto á proposta de R. Polín entre A Degolada e A Lastra

Trazado do Camiño

Trazado Ricardo Polín

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose dos diferentes tramos do Camiño en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización.

Tramo A Calzada – A Lastra

A calidade ambiental do tramo é moi boa. O Camiño percorre unha zona cuberta de espesos bosques de carballos nos que tamén abundan os acevos, bidueiros e teixos. Puntualmente ábreanse vistas cara ao leste de gran interese. Nos núcleos polos que pasa o Camiño, A Degolada, O Couto e A Lastra atópanse edificacións tradicionais de gran valor. Cabe sinalar así mesmo o impacto que supón a vivenda construída sobre un recheo ao carón da estrada LU-530 na entrada da Lastra.

O pavimento do tramo é de terra ou grava compactada. Entre a Degolada e O Couto hai varios puntos nos que o Camiño atópase anegado pola auga. Entre O Couto e A Lastra aparecen profundos sucros producidos pola escorrenta da auga.

Entre O Couto e A Lastra o treito presenta certa dificultade para o peregrino tanto polo mal estano no que se encontra o firme como pola pronunciada costa que se ten que subir para chegar á estrada antes de chegar á Lastra.

Obsérvanse certas deficiencias na sinalización do tramo. Antes de chegar ao Couto hai unha bifurcación sen sinalizar que induce á confusión do peregrino.

Tramo A Lastra – Fontaneira

A Calidade ambiental do tramo é boa. Tras atravesar o núcleo da Lastra o camiño vai polo monte, nun primeiro treito por zonas de bosque autóctono ou de monte baixo e xa achegándose á Fontaneira atravesando bosques de repoboación de piñeiros vermellos (*pinus silvestris*). O treito ten interesantes vistas dos núcleos e da paisaxe cara ao leste.

Coa excepción dos treitos que se fan pola estrada na Lastra e en Fentoaneira o resto do tramo ten pavimento de terra compactada. O firme atópase en aceptable estado de conservación.

Tanto a chegada á Lastra como a Fontaneira os camiñantes teñen que circular polo lado da estrada LU-530 en treitos con beiravías moi estreitas. O resto do tramo non presenta perigos nin dificultades mais alá de algunha costa pronunciada.

O tramo atópase ben sinalizado.

Tramo Fontaneira – O Cádavo

A Calidade ambiental do tramo é boa. Entre Fontaneira e O Cádavo o Camiño percorre zonas de repoboación forestal de piñeiros e zonas de monte baixo. Á saída da Fontaneira hai vistas interesantes dos afloramentos rochosos que coroan a Serra das Penas. Na baixada dende o Campo da Matanza cara ao Cádavo hai vistas interesantes do val coa Serra da Vacariza ao fondo. No Campo da Matanza o Camiño pasa cerca dun vertedoiro de lixo selado.

O pavimento do tramo é de terra compactada, empradizada en ocasións, a excepción do treito que vai pola beira da estrada LU-530 e da chegada ao Cádavo no que o camiño está asfaltado. Nos primeiros treitos do tramo o firme atópase en bo estado, sen embargo na zona do Campo da Matanza a súa superficie é máis irregular, hai zonas deterioradas pola escorrenta ou con charcas. A chegada á parte no que o trazado coincide co da estrada LU-530 o camiño vai por un antigo tramo de estrada, xa en desuso pola modificación do trazado, que transmite unha imaxe de abandono.

No tramo os peregrinos teñen que percorrer case un quilómetro pola marxe da estrada LU-530 en zonas sen beiravías ou con beiravías moi estreitas. Ao final deste treito teñen que cruzar a estrada nunha zona con tres carrís para enlazar cun camiño que se mete no monte.

O tramo atopase ben sinalizado.

Tramo O Cádavo – Alto da Vacariza

A calidade ambiental do tramo en boa. Entre O Cádavo e Pradeda o Camiño percorre unha paisaxe caracterizado polos amplos prados e os bosques de especies autóctonas. Entre Pradeda e O Alto da Vacariza a paisaxe é máis pechada e dominan os carballos que crecen xunto ao Camiño.


A saída do Cádavo o Camiño vese afectado polo impacto de diversas edificacións sen rematar e en deficiente estado de conservación.

Entre O Cádavo e Pradeda o trazado está asfaltado, a partir de este punto o firme é de terra compactada. O estado de conservación do pavimento é bo.


O tramo atopase correctamente sinalizado.

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño Primitivo ou de Ovedo no Concello da Baleira



4. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Ovedo baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno máis próximo. Os valos e taludes que definen os seus límites; a vexetación máis próxima: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor vinculado á traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastada.

Para a realización da delimitación pátense dunha banda a cada lado do camiño duns cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. En xeral esta delimitación é máis ampla no lado no que hai vistas que no lado no que non as ten. A delimitación engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño e as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa o Camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

O perímetro do ámbito de protección sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Baleira o ámbito do territorio histórico inclúe zonas das parroquias polas que pasa o Camiño: San Lourenzo da Degolada, San Xoán da Lastra, Santiago da Fontaneira e San Pedro da Esperela.

A continuación descríbense os principais elementos que condicionan a delimitación do ámbito do territorio histórico nos distintos tramos:

Tramo A Calzada – A Lastra

Neste tramo o ámbito do territorio histórico foi delimitado co obxecto de protexer as interesantes vistas cara ao leste das ladeiras dos montes cubertas por prados e bosques de bidueiros, existentes entre A Calzada e O Couto. Ente O Couto e A Lastra e de destacar o valor ambiental do camiño definido por valos que atravesa un espeso bosque autóctono, no que dominan os bidueiros e os carballos e no que tamén se poden atopar exemplares de acevos e teixos.

Dentro do ámbito do territorio histórico deste tramo inclúense as delimitacións dos seguintes núcleos: A Degolada, O Couto e A Lastra.

Dentro da delimitación inclúense os seguintes elementos patrimoniais: Igrexa de San Lourenzo na Degolada e a Igrexa parroquial de San Xoán da Lastra. No que respecta á arquitectura popular incorporanse ao ámbito de protección as seguintes edificacións: o Celeiro da Degolada, a Casa tradicional e o hórreo no Couto e o conxunto de casas e edificacións adxectivas da Lastra. Consideran de excepcional interese os xemplares de teixos de gran porte existentes nalgúns dos núcleos, integrados nos conxuntos de edificacións tradicionais, como ocorre no Couto e na Lastra.

Tramo A Lastra – Fontaneira

A delimitación neste tramo persigue a protección das amplas vistas sobre a paisaxe existente a ambos os dous lados do Camiño, así como os conxuntos de edificacións existentes

na Fontaneira: a Igrexa de Santiago e as edificación tracionais con elementos de especial interese como o hórreo con cuberta de colmo ou o celeiro que se atopan neste núcleo

Considerase así mesmo necesaria a protección das arbores singulares que se integran nos conxuntos de edificacións, como os teixos situados ao redor da igrexa da Fontaneira, e os exemplares illados que se atopan na contorna das casas.

Tramo Fontaneira – O Cádavo

Neste tramo ademais da protección dos elementos máis próximos ao Camiño, protéxense as vistas dende o Campo da Matanza cara ao val no que se asenta O Cadavo. A delimitación inclúe os perímetros de protección das mámoas máis próximas ao Camiño pertencentes ao grupo do Campo da Matanza.

Tramo O Cádavo – Alto da Vacariza

No tramo entre o Cádavo e o alto da Vacariza a protección da contorna do Camiño comprendida no seu territorio histórico persigue a preservación das vistas do val, as vistas cara ao Cádavo e ao bosque de caducifolias situado ao oeste do núcleo urbano, e protección das edificacións tradicionais do núcleo de Pradeda. Dentro do ámbito atópanse tamén as ruínas da Capela dos Remedios, situada ao oeste de Pradeda.

5. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denomina	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Celeiro na Degolada	A Degolada	DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	outros	648873	4769972
Igrexa parroquial de San Lourenzo	A Degolada	DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	relixiosa	648897	4769985
Pozo de Casa de Riego	O Couto	DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	pozo	649285	4769178
Casa tradicional en O Couto	O Couto	DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	casa tradicional	648906	4769054
Hórreo en O Couto	O Couto	DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	hórreo	648958	4769056
Igrexa parroquial de San Xoán	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	relixiosa	648044	4768202
Conxunto de construcións tradicionais en Lastra	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	casa tradicional	648152	4768265
Casa de Casanova	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	casa tradicional	648194	4768308
Casa Miranda	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	casa tradicional	648045	4768220
Casa tradicional en A Lastra	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	casa tradicional	647795	4767892
Pozo en A Lastra	A Lastra	LASTRA (A) (SAN XOAN)	pozo	647793	4767909
Túmulo Alto da Fontaneira	Monte da Fontaneira	FONTANEIRA (A) (SANTIAGO)	lugar funerario	646920	4766620
Igrexa parroquial de Santiago	Fontaneira	FONTANEIRA (A) (SANTIAGO)	relixiosa	646820	4766445
Celeiro en Fontaneira	Fontaneira	FONTANEIRA (A) (SANTIAGO)	outros	646879	4766226
Hórreo en fontaneira	Fontaneira	FONTANEIRA (A) (SANTIAGO)	hórreo	646698	4766212
Túmulo 5 do Campo da Matanza	Campo da Matanza	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	lugar funerario	643905	4764563
Túmulo 6 do Campo da Matanza	Campo da Matanza	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	lugar funerario	643917	4764550
Capela dos Remedios	Pradeda	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	relixiosa	642037	4763734
Casa tradicional 1 en Pradeda	Pradeda	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	casa tradicional	642352	4763898
Casa tradicional 2 de Pradeda	Pradeda	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	casa tradicional	642320	4763841
Casa tradicional 3 de Pradeda	Pradeda	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	casa tradicional	642298	4763846
Antiga casa do Concello de Baleira	O Cádavo/Baleira	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	civil	642928	4764320
Capela da Inmaculada do Cádavo-Baleira	O Cádavo/Baleira	ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	relixiosa	643126	4764399

6. ANEXO FOTOGRÁFICO



CPCA201001.JPG



CPCA202001.JPG



CPCA202002.JPG



CPCA203001.JPG



CPCA204001.JPG



CPCA204002.JPG



CPCA204003.JPG



CPCA204004.JPG



CPCA204005.JPG



CPCA204006.JPG



CPCA204007.JPG



CPCA204008.JPG



CPCA205001.JPG



CPCA205002.JPG



CPCA206001.JPG



CPCA206002.JPG



CPCA206003.JPG



CPCA206004.JPG



CPCA206005.JPG



CPCA206006.JPG



CPCA206007.JPG



CPCA206008.JPG



CPCA207001.JPG



CPCA207002.JPG



CPCA208001.JPG



CPCA208002.JPG



CPCA208003.JPG



CPCA208004.JPG



CPCA208005.JPG



CPCA208006.JPG



CPCA208007.JPG



CPCA208008.JPG



CPCA208009.JPG



CPCA208010.JPG



CPCA208011.JPG



CPCA208012.JPG



CPCA208013.JPG



CPCA208014.JPG



CPCA208015.JPG



CPCA208016.JPG



CPCA209001.JPG



CPCA209002.JPG



CPCA209003.JPG



CPCA210001.JPG



CPCA210002.JPG



CPCA210003.JPG



CPCA210004.JPG



CPCA210005.JPG



CPCA210006.JPG



CPCA211001.JPG



CPCA212001.JPG



CPCA212002.JPG



CPCA212003.JPG



CPCA212004.JPG



CPCA212005.JPG



CPCA212006.JPG



CPCA212007.JPG



CPCA212008.JPG



CPCA212009.JPG



CPCA212010.JPG



CPCA213001.JPG



CPCA213002.JPG



CPCA213003.JPG



CPCA213004.JPG



CPCA213005.JPG



CPCA214001.JPG



CPCA214002.JPG



CPCA215001.JPG



CPCA215002.JPG



CPCA216001.JPG



CPCA216002.JPG



CPCA216003.JPG



CPCA217001.JPG



CPCA217002.JPG



CPCA217003.JPG



CPCA218001.JPG



CPCA219001.JPG



CPCA219002.JPG



CPCA219003.JPG



CPCA219004.JPG



CPCA220001.JPG



CPCA220002.JPG



CPCA220003.JPG



CPCA220004.JPG



CPCA221001.JPG




CPCA221002.JPG



CPCA221003.JPG



CPCA222001.JPG



CPCA222002.JPG



CPCA222003.JPG



CPCA222004.JPG



CPCA222005.JPG



CPCA222006.JPG



CPCA223001.JPG



CPCA223002.JPG



CPCA223003.JPG



CPCA223004.JPG



CPCA223005.JPG



CPCA224001.JPG



CPCA224002.JPG



CPCA224003.JPG



CPCA224004.JPG



CPCA225001.JPG



CPCA225002.JPG



CPCA226001.JPG



CPCA226002.JPG



CPCA226003.JPG



CPCA226004.JPG



CPCA226005.JPG



CPCA226006.JPG



CPCA226007.JPG



CPCA226008.JPG



CPCA226009.JPG



CPCA226010.JPG



CPCA227001.JPG



CPCA227002.JPG



CPCA227003.JPG



CPCA227004.JPG




CPCA227005.JPG



CPCA227006.JPG



CPCA228001.JPG



CPCA228002.JPG



CPCA229001.JPG



CPCA230001.JPG



CPCA230002.JPG



CPCA231001.JPG



CPCA232001.JPG



CPCA232002.JPG



CPCA232003.JPG



CPCA233001.JPG



CPCA233002.JPG



CPCA233003.JPG



CPCA233004.JPG



CPCA233005.JPG



CPCA235001.jpg



CPCA235002.jpg



CPCA235003.jpg



CPCA235004.jpg



CPCA235005.jpg



CPCA235006.jpg

7. ANEXO PLANOS